

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 17 DE AGOSTO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.
D^a. TERESA VARELA FISTEUS.
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.
D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.
D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Accidental:

D^a. FÁTIMA CORTIZO SEIJAS.

Interventora Accidental:


D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 32 DE DATA 10 DE AGOSTO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta Núm. 32/2015 da sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 10 de agosto de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA** para construción de cortes para vacún de leite nunha parcela denominada “Prados Chousas” (polígono 504, parcela 234), sita no lugar de Vilariño - Santiso – Lalín.



3.- LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.-

3.1.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** consistente na celebración das festas patronais de Palio - Lalín, os días 22 e 23 de agosto de 2015 (**exp. 7994/15**).

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.-

4.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para a realización dun acondicionamento de cuberta de vivenda con tella cerámica curva sobre placas de fibrocemento existentes en Donsión, 10 – Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 05/08/15 por importe de de 59,96 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.-

Quedou pendente para mellor estudo.

6.- COMUNICACIÓN PREVIA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.-

6.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** consistente na celebración da XVI Malla Tradicional, en Codeseda - Doade - Lalín, o día 22 de agosto de 2015.

7.- INFORME PREVIO.-

7.1.- Acordouse aprobar o informe do técnico municipal, de data 12/08/15, en relación á solicitude presentada relativa á **comunicación previa de obras para a reposición de oito fiestras de madeira de cor branca por fiestras de aluminio de cor branca na vivenda sita en Ramil, 5 – Gresande – Lalín** e remitir o expediente completo



Secretaría Xeral
ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria.

8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.-

8.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “**SERVIZO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS PARA O CDM LALÍN ARENA**” (CSE102015) mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con importe máximo de licitación de 26,00 €/hora (IVE incluído) e un prazo de execución ata o 31 de decembro de 2016, aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente, autorizar o gasto por importe máximo de 26,00 €/hora (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria núm. 341.226.09 do vixente Orzamento Municipal e iniciar os trámites para adxudicar o contrato conforme ás características recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e Prego de Prescricións Técnicas, e a estes efectos, publicar o anuncio de licitación no BOP e no Perfil do Contratante.

9.- FACTURAS E CONTAS.


Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente tendo en conta os informes da Interventora Municipal, de data 3 de agosto de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono as relacións de facturas **00121, 00122 e 00123** polos importes totais de **39.497,06 euros, 26.146,06 euros e 59.537,71 euros, respectivamente.**

10.- CERTIFICACIÓN DE OBRAS.

10.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 3 da obra “**MELLORA SENDA PEONIL RÍO PONTIÑAS**” presentada pola entidade **ANTONIO FRAMIÑÁN CONSTRUCCIONES S.L.**, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **55.820,68 €.**

11.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.-

11.1.- Acordouse proceder á **devolución e cancelación da fianza por importe de 1.200,00 euros** depositada na Tesourería Municipal, como garantía para responder da obra



Secretaría Xeral
de urbanización da zona na rúa D, nº 35, Lalín.

12.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.-

12.1.- Acordouse autorizar a **alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase** do vado permanente sito na rúa B, nº 58, baixo, con destino a almacén.

12.2.- Acordouse autorizar a **alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase** do vado permanente sito na rúa Maruja Gutiérrez, nº 16, baixo, con destino a almacén.

12.3.- Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía** número 03/2015.

12.4.- Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía** número 04/2015.

12.5.- Acordouse **aprobar a alta dun usuario no Servizo de Axuda no Fogar**, na modalidade para persoas en situación de dependencia.

12.6.- Acordouse **aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a empresa Gómez de Castro S.A.** para a execución do transporte de estudantes durante o curso 2015/2016, e **o Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a empresa Castromil S.A.** para a execución do transporte de estudantes durante o curso 2015/2016, e facultar ao Sr, Concelleiro delegado de Benestar Social para a súa sinatura.

12.7.- Acordouse **aprobar as bases reguladoras das bonificacións ao transporte de estudantes que cursen ciclos formativos e estudos na universidade para o curso 2015 – 2016.**

12.8.- Acordouse **aprobar as Bases reguladoras do Programa de Axudas Municipais para a creación de empresas neste Concello de Lalín correspondente ó**



Secretaría Xeral

período 2014-2015 e autorizar o gasto para a citada finalidade por 12.000 euros.

12.9.- Acordouse aprobar o **Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación de Profesionais da Praza de Abastos** para desenvolver un programa de actividades de dinamización e promoción do comercio, asumindo as obrigas e compromisos que se derivan do mesmo, e facultar á Concelleira delegada de Comercio, Emprego, Educación e Réxime Interno para a súa sinatura.

12.10.- Acordouse aprobar o **Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e o Centro Comercial Aberto-Asociación de Empresarios de Deza** para desenvolver un programa de actividades de dinamización e promoción do comercio, asumindo as obrigas e compromisos que se derivan do mesmo, e facultar á Concelleira delegada de Comercio, Emprego, Educación e Réxime Interno para a súa sinatura.

12.11.- Acordouse **aprobar a programación de actividades da XXIII Romería Interxeracional** e autorizar gasto por importe de 5.500 euros para o desenvolvemento de dito programa.

12.12.- Acordouse **aprobar e ordenar que se poña ó cobro o padrón fiscal da TAXA POR ABASTECIMIENTO DE AUGA (2º Trimestre de 2015) e TAXA DE SUMIDOIROS (2º Trimestre de 2015).**

12.13.- Acordouse **aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenza**, correspondente ao mes de XULLO de 2015 e recoñecer dereitos polo importe de 892,56 € e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 5.852,07 €.

12.14.- Acordouse **aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia**, correspondente ao mes de XULLO de 2015, recoñecer dereitos polo importe de 6.225,06 € e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 27.939,35 €.

12.15.- Acordouse **reintegrar** a D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde do Concello de Lalín, os gastos efectivamente realizados como consecuencia do desenvolvemento das funcións representativas propias do seu cargo, por un importe total de 50 €.



13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

13.1.- Acordouse autorizar á Asociación Española Contra el Cáncer, para instalar unha mesa ao lado do Banco Pastor e outra na Rúa Rosalía de Castro, fronte á Praza de Abastos, o día 18 de agosto, para realizar petitorio

13.2.- Acordouse autorizar a concesión dunha tarxeta de acceso para residentes na rúa Colón.

13.3.- Acordouse autorizar a instalación dun mercadillo solidario o vindeiro día 29 de agosto de 2015 na Praza da Igrexa, en horario de 09:00 a 18:00 horas.

13.4.- Acordouse denegar a solicitude para a celebración dunha gala benéfica a favor da enfermidade de bocio intertorácico multinodular quístico tóxico, que se celebrará no Paseo Pontiñas o vindeiro día 27 de agosto de 2015 entre as 15:00 e as 23:00 horas.

13.5.- Acordouse denegar a solicitude de colaboración de Protección Civil durante o traxecto da nomeada *Peregrinación das Familias*, que transcorrerá desde a Praza da Igrexa (Lalín) ata o Santuario da Virxe do Corpiño (Losón) o vindeiro día 30 de agosto de 2015, por motivos de organización de Protección Civil, tendo en conta os limitados recursos cos que conta o Concello, máxime no período estival.

=====

